

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE MAIO DE 2023

Ás 12:05 horas do día 11 de maio de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a e 4b)  
D<sup>a</sup>. María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes (asiste aos puntos 2c e 4c)  
D<sup>a</sup>. Cristina Chao Gómez, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 2d)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 11b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 1.- Incidencias

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) (alegacións)**

Retírase este asunto da orde do día.

### 2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 3 de maio de 2023, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. para que puidese emendar a documentación persoal. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación o 5 de maio de 2023.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CARLOS FERNANDEZ POL por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3.896-449)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. AIE MULTICRITERI - MCRIT
2. ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 2 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



3. IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U.
4. TRN TARYET, S.A.
5. TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.
6. UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
7. UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 52,50%-47,50%, respectivamente)
8. UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)

**d) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 13.7 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar "Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista".

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 3 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3.896-449)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo ao licitador presentado para a emenda da documentación do Sobre A.

**7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)**

Retírase este asunto da orde do día.

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 4 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de diverso material consumible informático, no que constan:*

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/12/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 13/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 5.206,62 €, dende o 1 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| exercicio | concepto                                   | partida/proxecto | base        | ive        | total       |
|-----------|--------------------------------------------|------------------|-------------|------------|-------------|
| 2023      | Repastos de informática non inventariables | 9207.2211200     | 24.793,38 € | 5.206,62 € | 30.000,00 € |

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

**Segundo.-** Con data do 17 de marzo de 2023 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 2 de febreiro de 2023), adoptou a seguinte resolución:



"Acepta a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de marzo de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. neste procedemento".

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 acordou "excluir da presente licitación a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas".

Contra este acordo, o 27 de febreiro de 2022, D<sup>a</sup>. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., interpuxo recurso de alzada.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023 adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 27 de febreiro de 2022 por D<sup>a</sup>. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113).

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113) na seguinte orde descendente:

|   | <b>Licitador</b>            | <b>Puntuación total</b> |
|---|-----------------------------|-------------------------|
| 1 | FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. | 100.00                  |
| 2 | OTEMAR 2020, S.L.L.         | 82.68                   |
| 3 | TEDITRONIC, S.L.            | 77.22                   |
| 4 | VASCO INFORMÁTICA, S.L.     | 45.84                   |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FALCONIX



*SOLUCIONES, S.L.U. (B-27.832.831), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP:*

- *A cláusula 8.1 do PCAP esixe que "Para participar neste procedemento os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Dado que o licitador non figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nin no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá acreditar ter presentado a solicitude de inscrición no Rexistro de Contratistas correspondente xunto coa documentación preceptiva para ela, sempre que a dita solicitude teña data anterior á data límite de presentación do ofertas (a acreditación desta circunstancia realizarase achegando o xustificante de recepción da solicitude expedido polo Rexistro correspondente, e unha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido solicitude de rectificación).*
- *A documentación esixida no cláusula 8 do PCAP.*
- *Acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

**Sexto.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023, acordou o seguinte:

*"Presentada a documentación por parte de FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. a Mesa comproba que, por un lado, non presenta documentación suficiente para entender acreditada a solvencia técnica e que, por outro lado, a solicitude de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ten data do 10 de abril de 2023, quedando a mesma, de xeito máis que evidente, fora do prazo de presentación de ofertas que rematou o 20 de febreiro de 2023.*

*Se ben a falta de acreditación da solvencia técnica sería emendable, a falta de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores non é emendable polo que se considera que, en virtude do artigo 150.2 da LCSP, o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentou o requirimento no prazo sinalado ao efecto polo que procede requirir a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas. Así, á vista do acordo de clasificación de data 23 de marzo de 2023, por unanimidade dos asistentes, acórdase requirir a OTEMAR 2020, S.L.L. para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

- 1. Acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- 2. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.*



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 7 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |

3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.
4. Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.
5. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC do PCAP.

**Sétimo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, OTEMAR 2020, S.L.L., o día 28 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida os días 5 e 9 de maio, dentro do prazo concedido.

**Oitavo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar OTEMAR 2020, S.L.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OTEMAR 2020, S.L.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 8 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación do 23 de febreiro de 2023 polo que se excluíu deste procedemento a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
2. Adxudicar a OTEMAR 2020, S.L.L. (B-01.620.566) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113) por un prezo máximo de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,62 euros e cunha porcentaxe de desconto do 12,5% a aplicar aos prezos unitarios dos consumibles que conforman os Grupos I, II e III do punto 4 do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441)

**ANTECEDENTES**



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 9 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                |

**Primeiro.-** Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 314.915,59 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539 6090066 (Accesibilidade Ramón Nieto a Fonte Oscura), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

|      |              |
|------|--------------|
| 2022 | 900.000,00€  |
| 2023 | 914.513,63 € |

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 101,61%.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441) na seguinte orde descendente:*



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 10 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                 |

| Orde | Licitadores                          | Puntuación |
|------|--------------------------------------|------------|
| 1    | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 93,15      |
| 2    | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.       | 92,00      |
| 3    | CIVISGLOBAL, S.L.U.                  | 87,25      |
| 4    | ORECO BALGÓN                         | 83,39      |

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Trátase dun contrato susceptible de ser cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o 20 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de maio, dentro do prazo concedido. Rematado o prazo, 8 de maio presenta novamente o anexo IV do PCAP.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de maio de 2023 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 31 de marzo e 14 de abril de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441) por un prezo total de 1.730.138,74 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 300.272,01 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Trátase dun contrato susceptible de ser cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 13/05/2024 11:49           | Páxina 12 de 12 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE                                                                                                                                                                         | CSV: A2A842-EAA4BB-8EEBBA-Z8J176-WR9G2E-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                 |